

EXPEDIENTE: 2025/G007/000023

ASUNTO: SESIÓN ORDINARIA DA XGL DO 24 DE SETEMBRO DE 2025

TRÁMITE: CONVOCATORIA

DECRETO: 496/2025

CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local para o

Día: mércores 24 de setembro de 2025

Hora: 13:00

Lugar: Casa do Concello

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2025.
2. DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
3. ACOMETIDA ABASTECIMENTO REDE MUNICIPAL DE AUGAS DA PARCELA CON R.C. 15033G501011560000EW (Expte. 2025/u010/000020)
4. ACOMETIDA ABASTECIMENTO REDE MUNICIPAL DE AUGAS DA PARCELA CON R.C 15033G501051860001RT (Expte. 2023/U010/000015)
5. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES (CP1) PARA REFORMA DE TELLADO EN CUBERTO ADOSADO A VIVENDA FAMILIAR EN PARCELA CON R.C. 15033G501008430001RT (EXPT.2025/U026/000032)

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles de que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar na sede



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

electrónica do concello www.sede.dodro.gal no apartado “Portal de cargos electos”.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*